Federación Galega de Atletismo
Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: http://www.atletismogalego.org – 15008 – A CORUÑA

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

CIRCULAR 24/2010

- A todas as Delegacións (*)
- A todolos adestradores, clubes e atletas
(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

Criterios para elaborar as seleccións galegas que representará a Galicia nos distintos Campionatos de España por Autonomías

Por orde do Director Técnico achéganse os criterios de selección utilizados na presente tempada 2009/10 para seleccionar aos atletas que representarán a Galicia nos seguintes Campionatos:

- Campionato España de campo a través junior, promesa e absoluto por Autonomías.
- Campionato de España de campo a través escolar CSD (cadete e xuvenil) por Autonomías
- Campionato de España por Autonomías de marcha en ruta.
- Campionato de España de pista aire libre por Federacións.
- Campionato de España de probas combinadas por federacións.
- Campionato de España de pista aire libre escolar –CSD- (cadete e xuvenil).
- Xogos do Cantábrico.

1. SECTOR DE VELOCIDADE

(Responsable do sector Margot Garnelo Merayo)

CPTO. DE ESPAÑA DE FEDERACIONS CADETE E XUVENIL

- PROBAS INDIVIDUAIS: Terase en conta como primeiro criterio a mellor marca realizada ata o momento de elaborala selección; e no segundo lugar os resultados do Cpto. Galego da categoría.
- RELEVOS 4X100m: Os catro atletas integrantes da selección que millor colocados estén no ranking de 100m da tempada actual ,QUE TEÑAN ACUDIDO A CONCENTRACIÓN DE RELEVOS DO SECTOR NO CASO DE FACERSE.
- RELEVOS 4x400/300m: Os catro atletas integrantes da selección millor colocados no ranking de 400/300m da tempada actual, QUE TEÑAN ACUDIDO A CONCENTRACIÓN DE RELEVOS DO SECTOR NO CASO DE FACERSE.

CPTO. DE ESPAÑA DE FEDERACIONS ABSOLUTO

Dado que non se poden ter en conta os resultados do Cpto. Galego Absoluto por ser posterior a elaboración desta selección, ésta realizaráse tendo en conta os seguintes aspectos por orde de prioridade:

- A millor marca realizada na tempada actual valorada en función da proximidade a competición e os enfrontamentos directos entre atletas similares.
- Anteriores actuacións ca selección galega.
- Relevos: Os 4 atletas seleccionaos co criterio anterior que teñan acudido á convocatoria de concentración de relevos do sector.

1. SECTOR VALADOS

PATROCINADORES OFICIAIS
SOGAMA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
caixanova
PROVEEDOR
USP Centro de Especialidades Médicas Hospital Santa Teresa A Coruña

(Responsable Pere Llonch Arnero)

CTOS. DE ESPAÑA DE FEDERACIÓNS:

Participación e resultados no Campionato Galego e Criterio de valos da categoría que corresponda sempre que éste sea antes co Cto. De Federacións.
- Posición no ranking galego e tres millores marcas previas o Cto. De España de Federacións.
- Asistencia e colaboración nas concentracións do sector de valos da FGA.
- Os criterios non gardan unha orde de preferencia.

CAMPIONATOS GALEGOS INDIVIDUAIS:

1. PISTA CUBERTA:
   - Para todas las categorías. As 16 millores marcas inscritas no prazo dictado pola FGA + 2 participantes que se reserva o Sector de non cumprir este requisito. Publicarase despois da aceptación dos participantes no listado dos mesmos e os atletas reservas por se houbera algunha baixa.
   - Nas marcas feitas en pista aire libre sumaranselles 2 décimas respecto ás feitas en pista cuberta. Para marcas manuais se sumarán 3 décimas nas marcas eléctricas. No caso de presentar unha marca feita no aire libre e manual sumaranse 5 décimas.

2. AIRE LIBRE:
   - Para tódaslas categorías. As 22 millores marcas inscritas no prazo dictado pola FGA + 2 participantes que se reserva o Sector de non cumprir este requisito. Publicarase despuois da aceptación dos participantes no listado dos mesmos e os atletas reservas por se houbera algunha baixa.
   - Para as marcas presentadas en cronometraje manual sumaranse 4 décimas no caso dos 100m.v. y 110m.v., así coma 2 décimas no caso dos 400m.v. e 300m.v. Quedan exentos desta norma os/as atletas de categorías inferiois á cadete.

3. SECTOR DE MARCHA

(Responsable Javier Vazquez)

A proposta do responsable do sector de marcha tendo en conta:
- O estado de forma actual do/a atleta.
- A resposta ante competicións de nivel similares.
- A categoría deportiva e experiencia do/a atleta.

3. SECTOR DE MEDIOFONDO

(Responsable Carlos Landín García)

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONS CADETE E XUVENIL

1- Marca actualizada
2- Regularidade competitiva, sobre todo en pobas de alto nivel
3- Posto nos Campionato Galegos das respectivas categorías
4- O equipo técnico valorará casos que por circunstancias xustificables non poidan participar nos Campionato s Galegos.
5- Proxeccion atlética

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONS ABSOLUTO:

1- Marca actualizada
2- Regularidade competitiva, sobre todo en pobas de alto nivel
3- Posto nos Campionato Galegos das respectivas categorías
4- O equipo técnico valorará casos que por circunstancias xustificables non poidan participar nos Campionato s Galegos.
5- Proxeccion atlética

4.SECTOR DE FONDO

(Responsable, Alfonso Ortega Casasnova)

1) - SELECCIONS GALEGAS DE CAMPO A TRAVÉS

1-1- CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CAMPO A TRAVES – 7 MARZO – A CORUÑA

Os criterios de selección para este Campionato de España de campo a través por Autonomías serán os seguintes:

- Para poder representar a Galicia no Campionato de España de campo a través, será obligatorio participar previamente no Campionato Galego que se celebrará en A Coruña (pasou para Carballo) o 31 de xaneiro según acordo adoptado pola Asamblea Xeral da Federación Galega.

- **Categoría Senior Homes** Serán seleccionados de forma **directa os cinco primeiros** atletas clasificados no Campionato Galego

- **Resto de categorías: (Senior Mulleres - Promesas Homes e Mulleres e Juniors Homes e Mulleres:**

- Serán seleccionados de forma **directa os catro primeiros** clasificados no Campionato Galego.

Por descontado, correranse os postos de aqueles atletas que caso de participar polos seus clubes respectivos, non teñan ficha pola Federación Galega; ou no caso de ser un campionato aberto, participen tamén como individuais, pertencendo a outras federacións.

O resto dos atletas, ata integrar cada unha das Seleccions, serán designados polo Comité Técnico da Federación Galega de Atletismo, tendo en conta:

1. O estado actual de forma do atleta
2. O nivel de regularidade nas competicións da actual tempada
3. Os resultados das confrontacións entre atletas similares
4. Os resultados do Campionato de España de Clubes que se celebrará o 21 de Febrero.
5. A resposta do atleta ante competicións relevantes
6. A categoría deportiva e a experiencia do atleta.

Caso excepcional: O Comité Técnico reservase o dereito de seleccionar a aquel/a atleta que no día do Campionato Galego no teña podido participar, ben por **lesión o enfermidade**, sempre e cando o xustifique documentalmente, ou que tuviera que participar representando a un club non galego no mesmo día noutro Campionato Autonómico. A decisión adoptarase, unha vez analizada a documentación por parte do Comité Técnico da FGA e representantes dos atletas ante a Asamblea ou, no seu caso, a propia Xunta Directiva da FGA.

Os/As posibles seleccionados/as, deberán axeitarse as condicións que para o desplazamento e aloxamento notificará a Federación Galega de Atletismo.

A FGA resérvase a posibilidade de non seleccionar a cantidade máxima de atletas permitidos en cada categoría e indicados na táboa seguinte

CATEGORIAS	CANTIDAD MÁXIMA
Sénior Homes	9
Sénior Mulleres	6
Promesa Mulleres e Homes	6
Junior Homes e Mulleres	6

Non será autorizado a competir no Campionato de España de Campo a Través a ningún atleta galego que tendo sido seleccionado previamente pola Federación Galega de Atletismo, negarase a participar coa mesma (Acordo da Asamblea Xeral da Federación Galega de Atletismo, en 2003) Ademais todolos atletas becados pola FGA teñen a obrigación de participar ca selección así como os becados pola Fundación Deporte Galego.

1-2 – CAMPIONATO DE ESPAÑA CADETE E XUVENIL POR AUTONOMÍAS (CDS) 28 DE MARZO (ALBACETE).

Os criterios de selección para este Campionato de España de Cross por Autonomías serán os seguintes:

a) Os catro primeiros atletas clasificados no Campionato Galego Cadete e Xuvenil a celebrar el 17 de Enero (Ourense).
b) Os campeons/as do Cto. Galego del Cross Escolar da Xunta de Galicia sempre que estean dentro da idade permitida para iste Campionato de España.

NOTA IMPORTANTE: NO OBSTANTE DO ANTERIOR, O FACER A SELECCIÓN TERASE EN CONTA O COMPORTAMENTO PERSOAL DOS/AS SELECCIONADOS/AS, EN DESPLAZAMENTOS E CONCENTRACIONES REALIZADAS, TANTO NACIONAIS COMA AUTONÓMICAS.

O resto dos atletas, ata integrar cada unha das Seleccions, serán designados polo Comité Técnico da Federación Galega de Atletismo, tendo en conta

a) As actuacións dos atletas das categorías correspondientes nas competicións da actual tempada.
b) Os resultados das confrontacións entre atletas similares.
c) A resposta do atleta ante competicións relevantes a estos niveis.

2) - SELECCIONS GALEGAS DE PISTA

2-1 CAMPIONATO DE ESPAÑA DA XUVENTUDE CADETE – CSD 4/6 DE XUÑO (LLORET DE MAR)

2-2 CAMPIONATO DE ESPAÑA DA XUVENTUDE XUVENIL - CSD – 18/20 XUÑO (LLORET DE MAR)

Os atletas que representen a Galicia nestos encontros serán seleccionados polo Comité Técnico, considerando

1) Os resultados e clasificacións dos Campionatos Galegos destas duas categorías
2) O estado actual de forma do atleta
4) A marca da actual tempada de pista ó Aire Libre
5) O nivel de regularidade nas competicións
6) A resposta do atleta ante competicións relevantes

2-3 CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONS 1ª CATEGORIA – HOMES E MULLERES - 26 XUÑO (VIGO)

Os atletas que representen a Galicia neste encontro serán seleccionados polo Comité Técnico, considerando

1 – Os resultados do Campionato Galego (24 Xuño)
2 – O estado de forma actual do atleta
3 - A marca da actual tempada de pista o Aire Libre
4 – O nivel de regularidade nas competicións
5 – A resposta do atleta ante competicións relevantes.
6 – A categoría deportiva e a experiencia do atleta.

2-4 XOGOS DO CANTÁBRICO – 22 MAIO

Os atletas que representen a Galicia neste encontro serán seleccionados polo Comité Técnico, considerando:

1 – O estado de forma actual do atleta
2 - A marca da actual tempada de pista ó Aire Libre
3 – O nivel de regularidade nas competicións
4 – A resposta do atleta ante competicións relevantes.
5 – A categoría deportiva e a experiencia do atleta.

5. SECTOR DE SALTOS

(Responsable Santiago Ferrer Moreira)

CRITERIOS DE SELECCIÓN (categorías Mayores)

Verase a traxectoria dos atletas ó longo da tempada
Teranse en conta os últimos resultados próximos a competición coa selección (15 días).
En caso de igualdade irá o vencedor ou vencedora na última competición directa dentro do plazo de 15 días.
Calquera caso de dúbida resolverao o responsable do sector según o seu criterio.

CRITERIOS DE SELECCIÓN (categorías menores)

Supervisarase o seguimento de cada atleta ata o momento de facer a selección e se terá en conta:
Estado de forma do atleta.
Os resultados das últimas competicións.

O informe do colaborador responsable de cada disciplina.
Calquera situación dubidosa será resolta polo responsable, apoiándose nos criterios anteriores.

CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN NOS DISTINTOS CAMPIONATOS

Os mesmos de tempadas anteriores en categorías menores ata junior
Nas categorías promesa e absoluta, as cadencias nos saltos verticais poranas o responsable no seu momento.

6.SECTOR DE LANZAMENTOS

(Resposable Raimundo Fernández Vázquez)

CPTO. DE ESPAÑA DE FEDERACIONES CADETE Y JUVENIL

1. Seleccionarase ó atleta con millor marca da tempada en curso.
2. No caso de que a millor marca se teña realizado con mais de tres meses de anterioridade e os resultados cercanos á compitición obxecto de selección no sexan do nivel acreditado no seu día, atenderáse ó resultado do Campionato Galego de cada categoría e será seleccioado o Campión da mesma
3. Calquier outro suposto non contemplado nos apartados anteriores, resolveráse a Xuicio do responsable del sector.

CPTO. DE ESPAÑA DE FEDERACIONS ABSOLUTO

1. Seleccionarase ó atleta con millor marca da tempada en curso.
2. No caso de que a millor marca se teña realizado con mais de tres meses de anterioridade e os resultados cercanos á compitición obxecto de selección no sexan do nivel acreditado no seu día, atenderáse ó resultado do campionato
3. Calquier outro suposto non contemplado nos apartados anteriores, resolveráse a Xuicio do responsable del sector.

6.SECTOR DE PROBAS COMBINADAS

(Resposable Xulio Ventín Rivas)

- Dous primeiros atletas seleccionados serán as dúas mellores marcas da tempada 2008-2009 ou 2009-2010
- Terceiro atleta seleccionado será o que gañe o Criterio de Combinadas Nacional.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)
A Coruña, a 4 de marzo do 2010

PATROCINADORES OFICIAIS
SOGAMA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
caixanova
PROVEEDOR
USP Centro de Especialidades Médicas Hospital Santa Teresa A Coruña